



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA ABANCA  
CORPORACIÓN BANCARIA SA E FUNDACIÓN FESTA DA ISTORIA DE RIBADAVIA  
PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA ISTORIA 2018.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con ABANCA e a Fundación Festa da Istoría de Ribadavia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e a Fundación Festa da Istoría de Ribadavia para o apoio á celebración a Festa da Istoría 2018, por considerar este evento un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio destas funcións, a Axencia está interesada en apoiar á entidade no desenvolvemento da festa indicada por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega vinculada ás festas de interese turístico, como medida de promoción e fomento do turismo para o impulso da mellora económica do sector.





Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

**Segundo.-** ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

**Terceiro.-** A Fundación Festa da Isteria de Ribadavia é unha fundación cultural sen ánimo de lucro que desenvolve as súas actividades na comarca do Ribeiro, e entre os seus obxectivos e fins cabe destacar a promoción, xestión e desenvolvemento da “Festa da Isteria”.

**Cuarto.-** Na xudería do concello de Ribadavia desenvólvese cada ano a “Festa da Isteria”, declarada Festa de Interese Turístico Nacional no ano 1997, unha das festas medievais máis auténticas de todas as que teñen lugar en Galicia e que recorda a historia da vila e a súa bisbarra, achegando ao presente as tradicións e vivencias de épocas pasadas nunha recreación medieval na que se atopan representadas as distintas culturas, relixións oficios e clases sociais daquela época.

A celebración actual é unha translación no tempo da que se realizou na vila de Ribadavia ata o século XIX, encadrada nos festexos da Virxe do Portal, Patrona do Ribeiro. Con esta festa trátase se recuperar as tradicións ancestrais e históricas que formaron a propia historia da vila e do seu entorno.

**Quinto.-** A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Festa da Isteria de Ribadavia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño,





de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

